

REGULAMENTO DA COMISIÓN ACADÉMICA DO PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN ENXEÑARÍA QUÍMICA E AMBIENTAL

(Aprobado pola Comisión Académica do Programa de Doutoramento en Enxeñaría Química e Ambiental na súa reunión do 28 de maio de 2018 e revisado o 25 de marzo de 2019)

Artigo 1. *Composición da Comisión*

A Comisión estará composta polo/a Coordinador/a do Programa, que a presidirá, e por 6 profesoras/es doutores do programa que teñan vinculación permanente coa universidade e dedicación a tempo completo, en posesión de polo menos un período de actividade investigadora recoñecida de acordo ao Real decreto 1086/1989, de 28 de agosto, sobre retribucións do profesorado universitario, ou mérito equivalente para o profesorado contratado. Un/a dos/as profesores/as actuará como secretario/a da comisión.

Artigo 2. *Elección dos membros da Comisión*

O profesorado será proposto por acordo da Comisión académica do programa de doutoramento entre as/os profesoras/es do programa; procurarase a participación das distintas liñas de investigación implicadas. O/A Presidente/a, en adiante Coordinador/a, do programa será proposto/a por iniciativa da Comisión Académica do Programa de Doutoramento. O/a coordinador/a propondrá un/unha secretario/a entre os membros da comisión académica do programa de doutoramento, que será nomeado polo/a reitor/a.

Artigo 3. *Ceses, novos nomeamentos, e renovación*

Os membros da Comisión cesarán ben a petición propia, ou ben no momento en que deixen de ter relación co programa.

Os novos membros, tras ser elixidos como se indica no Artigo 2, serán nomeados polo/a Reitor/a da USC.

Os membros da Comisión renovaranse, con carácter xeral, cada 4 anos, podendo continuar ata un período superior procurando non superar os oito anos.

Artigo 4. *Funcións*

A Comisión do Programa será a encargada de velar polo correcto desenvolvemento do Programa de Doutoramento en Enxeñaría Química e Ambiental. De forma específica será a encargada de:

1. Diseñar, organizar, coordinar e propor á escola de doutoramento o conxunto de actividades que conforman o programa, incluíndo liñas de investigación, actividades formativas, relación de persoal investigador que asumirá a titoría e a dirección de teses de doutoramento, criterios de admisión e selección do estudiantado e toda cantidade de información sexa requirida pola Universidade en cumprimento da normativa vixente.
2. Manter actualizada a información referente ao programa de doutoramento e transmitir a escola de doutoramento e ao CIEDUS nos prazos e procedementos establecidos.

3. Realizar o proceso de valoración de méritos e admisión do estudiantado no programa de doutoramento, mediante a aplicación dos criterios e dos procedementos de selección establecidos na memoria de verificación, que serán públicos.
4. Asignarlle un/unha titor/a ao estudante admitido/a no programa de doutoramento e un/unha director/a.
5. Acceder ao cambio de designación do/da titor/a e/ou do/da directora/a, e autorizar a codirección da tese se concorren razóns de índole académica que o xustifiquen, sen prexuízo do disposto no artigo 10 do regulamento publicado no DOG 28/07/2017.
6. Establecer, se procede, os complementos específicos de formación que o estudiantado debe cursar para ser admitido no programa de doutoramento.
7. Establecer, se procede, os requisitos de formación transversal e de formación específica no ámbito do programa que o estudiantado debe cursar tras ser admitido no programa de doutoramento.
8. Realizar anualmente a avaliación do documento de actividades e do desenvolvemento do plan de investigación de cada doutorando/a, tendo en conta os informes que para tal efecto deberán emitir o/a titor/a e o/a director/a.
9. Autorizar as estadías e as actividades en institucións de ensinanza superior ou centros de investigación de prestixio, incluídas as necesarias para a obtención da mención internacional no título de doutor. Estas estadías e actividades deberán contar cun informe previo e ser avaladas polo/a director/a e o/a titor/a.
10. Emitir Informe sobre a realización de estudos de doutoramento a tempo parcial no seu programa, cando proceda.
11. Emitir informe, de ser o caso, sobre as prórrogas na duración dos estudos de doutoramento e a concesión de baixas temporais, segundo o disposto no Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento, e nos artigos 26 e 27 do regulamento publicado no DOG 28/07/2018.
12. Facer as propostas de modificación e/ou suspensión/extinción do programa, que serán remitidas ao órgano responsable na Universidade para súa valoración.
13. Aprobar os requisitos de calidade específicos das teses do programa de doutoramento.
14. Emitir o informe de autorización de inicio de trámite para a presentación e exposición pública da tese de doutoramento.
15. Elaborar a memoria para a verificación e/ou modificación do programa de doutoramento segundo a normativa vixente.
16. Aplicar os criterios de calidade específicos do profesorado para pertencer ao programa de doutoramento, así como as condicións que determinen a súa revogación como profesor/a do programa.
17. Calquera outra función que lle encomende o órgano responsable dos estudos de doutoramento na Universidade ou se lle asigne en cumprimento do presente regulamento e demais disposicións legais vixentes.

Artigo 5. Convocatoria

a) A/O secretaria/o da comisión do programa deberá realizar a convocatoria cun mínimo de dous días de antelación.

b) Enviará por correo electrónico os puntos da orde do día da convocatoria ao Persoal de Apoio do Programa, xunto coa documentación que puidera estar relacionada con eles (se non é posible por correo electrónico en papel), para que esta remita a convocatoria e documentación a todos os membros do órgano.

c) O Persoal de Apoio do Programa, encargarse de archivar electrónicamente na carpeta aberta ao efecto as convocatorias da comisión, xunto coa documentación de habela. A custodia das mesmas corresponderá a quen realice as función de secretario-a da comisión.

Artigo 6. Reunións

A Comisión constitúese validamente en primeira convocatoria coa asistencia do/a Coordinador/a e secretario/a do programa e da metade dos membros restantes, ou en segunda convocatoria, que se celebrará 30 min despois, debendo asistir o 25% dos seus compoñentes.

Artigo 7. Adopción de acordos

Os acordos poderanse adoptar por asentimento ou mediante votación. En casos xustificados, e a petición dun dos membros da Comisión, a votación poderá ser de forma secreta; neste caso a sesión deberá ser presencial. Non se admitirá a delegación de voto nin o voto anticipado dos membros do órgano.

Para ser válida a adopción de acordos, deberase acadar cando menos a metade máis un dos votos dos membros presentes. Nas votacións na que se produza empate, o/a coordinador/a poderá exercer o voto de calidade ou aprazar o tema que se trate.

Artigo 8. Actas

a) Unha vez celebradas as reunións o/a Secretaria/a da comisión do programa de doutoramento elaborará a acta do tratado na reunión. Esta acta acompañada dos anexos, se os houbera, se remitirán por correo electrónico ao Responsable da Unidade de Apoio do programa.

b) As actas asinadas polo secretario ou secretaria, co visto e prace do presidente ou presidenta, serán enviadas mediante correo electrónico aos membros do órgano colexiado para a súa aprobación na seguinte sesión.

c) O Persoal de Apoio do programa archivarán electrónicamente nunha carpeta específica todas as actas e documentación e publicaranse na web do programa.

Artigo 9. Procedemento de urxencia

Os temas urxentes someteranse á opinión dos membros da Comisión vía correo electrónico. A solicitudes incluírán un prazo máximo de resposta. Os membros da Comisión deberán contestar á dirección de correo especificada indicando expresamente a aprobación ou

rexeitamento das propostas. As propostas consideraranse aprobadas no caso de non existir ningunha resposta de rexeitamento dentro do prazo da consulta. Os acordos adoptados por este procedemento serán informados na seguinte reunión da Comisión do Programa. Procedemento que entrará en aplicación cando se aprobe dito regulamento na EDI.